

DIMENSION EDUCATIVA DA ANIMACION SOCIOCULTURAL

LIMIAR

Partimos do feito de que todos os pobos da terra, todos os grupos humanos son cultos. Non hai persoas nen pobos incultos, aínda que sí teñen culturas diferentes. Ben é certo que unhas persoas están máis “formadas”, máis “cultivadas”, “saben” máis que outras, saben facer cousas moi diversas, e viven de xeito moi diferente, pero isto non implica que as demais persoas sexan incultas; sucede que as persoas menos “cultivadas” non disfrutaron nen disfrutaron dos bens culturais da súa sociedade, do seu grupo, da súa comunidade, nen dos bens universais da cultura.

Cando falamos de cultura, queremos dicir, sen que con isto queiramos dar unha definición completa da mesma, xa que hai máis de dúas centas definicións de cultura, que abranxe os xeitos de vida das persoas e dos grupos, tanto no ámbito material (cultura material), como no ámbito espiritual (cultura espiritual). Cultura é todo o que o home, mediante o traballo e as interaccións coa natureza e os demais homes, realizaron desde a súa aparición sobre a terra. A cultura é unha realidade que envolve e empapa a totalidade da vida das persoas, de xeito que nada queda fóra do seu ámbito. “La cultura consiste en la totalidad de lo realizado por el hombre. Parte de ese producto es material, otra parte no lo es. El hombre produce útiles de todos los tipos imaginables, por medio de los cuales modifica su ambiente físico y doma la naturaleza a su voluntad. El hombre produce también el lenguaje y, primero al crearlo y luego al servirse de él, construye un edificio de símbolos que animan todos los aspectos de su vida. Hay buenas razones para pensar que la producción de la cultura no material ha ido siempre de la mano con la actividad humana de modificación del medio físico. Sea como fuere, la sociedad, por supuesto, no es más que una parte de esa cultura no material. La sociedad es el aspecto de esta última que estructura la conducta del hombre respecto a sus compañeros” (1).

Así pois, a cultura dun pobo é unha realidade viva, dinámica, algo que é preciso seguir desenrolando e facendo progresar e, aínda máis, é unha inmensa

riqueza que todos teñen que compartir para beneficiarse dela, para aumentala, para progresar e para mellorar as súas vidas, de xeito que os bens culturais deixen de ser privilexio dunhas minorías, baluarte dos grupos dominantes e común denominador das diferencias sociais entre minorías “educadas” e inmensas maiorías que non poden disfrutar desa riqueza “común” por mor do seu nacemento, da súa situación socioeconómica ou da súa non propiedade de ditos bens.

A cultura é un ben comunitario e participativo, aínda que, como é ben sabido, a participación popular foi algo que sempre se intentou controlar, porque podía ser perigosa e, xa que logo, foi infravalorada, marxinada, moitas veces perseguida e para suplir a súa ausencia habilitáronse outras actividades máis ou menos superficiais e pouco enraizadas na sociedade. Ante isto, os cidadáns, na maioría das ocasións, non se identificaron con estas actividades e, cando máis, si participaron, actuaron máis como espectadores que como actores. Por isto, é unha tarefa urxente dos novos tempos e da nova convivencia social que os cidadáns se sintan autores, creadores e protagonistas da súa propia historia e realizadores do seu propio futuro. Sen dúbida que tales propósitos non son moi doados de conseguir e que, por outra banda, implican unha morea de dificultades, sobre todo, na nosa sociedade, historicamente postergada e “educativamente” marxinada.

A ANIMACION SOCIOCULTURAL

Non é nada doado meter dentro dos estreitos límites dunha definición unha realidade viva e complexa como é a animación sociocultural. Así pois, máis que definila, imos tentar de dar unha “visión” descritiva da mesma, aínda que o risco que isto entraña sexa considerábel, posto que ese fenómeno social ó que se denomina animación sociocultural, abranxe múltiples e diversas actividades que son de difícil clasificación.

O pobo, cada pobo ou comunidade, ten uns xeitos de vida propios e uns valores específicos. Moitos deles, ou polo menos algúns, xa se perderon e outros están a punto de desaparecer debido á expansión cultural de países máis avanzados, a causa do consumismo ou por razóns de enganoso convencimiento de que moitos comportamentos ou crenzas xa non son bos porque non se “levan” e non teñen prestixio social. Por outra banda, é preciso ter en conta que a maioría das persoas da nosa sociedade non poden ter unha participación activa e consciente no progreso cultural da súa sociedade, posto que llelo impide unha morea de obstáculos de moi diferente clase, tales como: educativos, ideolóxicos, económicos, políticos, laborais, familiares, etc. Xustamente por estas razóns, a animación sociocultural, ten sempre unha dimensión sociopolítica, posto que son os cidadáns os que se asocian e organizan para reivindicar os seus dereitos, defender os seus intereses, opinar e actuar acerca daquelas cuestións que os afectan na súa vida sociocultural e no seu viver diario.

Desde estes presupostos é manifestamente perceptíbel que para que se

poda levar a cabo a animación sociocultural sexan necesarias unha serie de condicións elementais para o seu desenrolo, como poden ser, unha ordenación institucional e política democrática que permita o libre desenvolvemento de todo tipo de accións populares tendentes a mellorar a vida das persoas e o desenrolo social e cultural. Por todo isto é moi comprensíbel que no noso país a acción social e cultural teña unha historia tan reducida dentro dunha tan “longa noite de pedra”.

A participación activa e solidaria, o “protagonismo popular”, son unha premisa básica en toda acción sociocultural, dado que esta acción implica que as persoas e os grupos teñan que esforzarse por non estar “amaestrados” nen dominados pola cultura dominante, senón todo o contrario, por defender e fomentar os valores e bens culturais populares, por tentar coñecer cales son as necesidades máis profundas do seu “ser persoas”, por comprender a realidade na que viven, por adoptar unha actitude crítica e responsábel diante da súa propia vida e destino. De todo isto dedúcese que a acción sociocultural non pertence ao ámbito da caridade, senón que cae dentro do campo da xusticia social.

Antes de proseguir, adiantamos dúas definicións da animación sociocultural, só a maneira de exemplo: “Es un conjunto de técnicas sociales que, basadas en un pedagogía participativa, tiene por finalidad promover prácticas y actividades voluntarias que, con la participación activa de la gente, se desarrollan en el seno de un grupo o comunidad determinada, y se manifiesta en los diferentes ámbitos del desarrollo de la calidad de la vida” (2).

“La acción cultural es una tarea de incorporación de los valores culturales del pueblo a la cultura universal, a la nueva cultura, al nuevo humanismo como alternativa a la cultura tradicional, caracterizada por ser anónima, abstracta, interesada y mediatizada” (3).

Así pois, na animación sociocultural pártese de que o pobo, comunidade ou grupo, teñen que ter dereito aos bens da cultura e a súa propia promoción cultural. Os sectores populares deben ser conscientes do valor da súa propia cultura, dos seus específicos xeitos de vida, da súa cultura non comercializada nen devaluada en aras de sectores minoritarios e dominantes, senón da súa cultura desinteresada, espontánea, vitalista, popular e democrática. Isto é tanto máis necesario canto que a nosa sociedade ocupa o último furgón dese grande tren que é Europa e os países socialmente avanzados. Necesitamos ser conscientes do que temos e do moito que debemos ter e, ante todo; necesitamos ser nós os que o fagamos, todos e cada un, para que nengún pense por nós como se fomos uns nenos.

A animación social e cultural non é unha acción donadora de coñecementos e de cultura por parte do animador nen de nengún grupo, institución ou persoa que decide dar ao pobo ou á comunidade algo do que carece. Esta

acción implicaría que se concibe ao pobo como un mero receptor da “información”. A acción sociocultural supón dunha maneira necesaria a participación “comunitaria”, grupal, a promoción activa, dinámica e liberadora das persoas e dos grupos e, ademais, a destrución, mediante a actuación das persoas implicadas neste proceso de cambio, dos atrancos socioculturais que impiden a transformación social, comunitaria e grupal.

Outra condición necesaria para á acción sociocultural é a firme crenza nas persoas, na súa capacidade de acción, de pensamento, de decisión e de perfeccionamento. Dito con outras palabras, que as persoas e os grupos son capaces, dadas as condicións necesarias, de promocionarse, de abandonar a apatía, o conformismo e a precariedade cultural na que as circunstancias vitais, sociais, económicas e políticas, os sulagaron. Por iso mesmo, outra faceta moi importante da animación sociocultural é a de despertar inquietudes nas persoas, avivar as súas consciencias e as súas responsabilidades, tanto individuais como sociais e comunitarias.

Pódese falar aínda dun novo pear básico na animación sociocultural, tendo en conta que se trata dunha acción eminentemente comunitaria; referímonos ao fomento e desenvolvemento da vida asociativa, da participación colectiva e cooperativa nese proceso de dinámica cultural. Por isto, a animación sociocultural non é un fin en sí mesma, senón que é un medio ou instrumento que serve para colaborar con outras accións sociais, como poden ser, as accións cívicas, políticas, asociacións de veciños, sindicais, dun barrio, un club, etc. Tal como se pode entrever, a animación sociocultural leva consigo a promoción e transformación social, económica, política e cultural das persoas, coa finalidade de que recuperen a súa propia identidade, para que se desenrolexen como persoas e vivan mellor nas súas respectivas sociedades, o que é moi diferente do “populismo sentimental e de todo paternalismo”. Polo tanto, a animación sociocultural, coa súa dimensión sociopolítica e convivencial, busca fundamentalmente a tolerancia, a comprensión e o vivir pacificamente.

Evidentemente, a animación sociocultural é unha tarefa ardua e dificultosa, na que se require un grande interés, moita constancia e, na maioría dos casos, unha importante dose de sacrificio e abnegación, de xeito que si non é así, o desánimo destruírá aos mellores propósitos e ás boas intencións. En efecto, a animación sociocultural supón o paso dun agregado social a un grupo social ou comunidade máis o menos integrado e conformado, todo o cal leva consigo que se tivo que pasar por unha serie de circunstancias e conflitos que houbo que superar con dificultades de toda índole, e non sen dispor dunha grande bagaxe de esforzo, paciencia, sufrimento e espírito optimista.

Na animación sociocultural é algo básico o contacto coas persoas, as interrelacións e intercomunicacións persoais, e directas, e intercambio de experiencias, pareceres e coñecimentos; a discusión de puntos de vista diferentes; o despertar inquietudes e dúbidas, o reflexionar criticamente, de xeito que as persoas implicadas actúen, renoven e fagan progresar os seus modos de vida,

os seus coñecimentos e accedan aos bens culturais que son patrimonio de todos.

Tamén é de grande importancia na acción sociocultural a sintonía co medio circundante, físico, social e cultural, de maneira que se teñan en conta, que se fomenten, se prestixien e sexan compartidos e respetados. Todo isto, evidentemente, non quere dicir que haxa que prescindir das aportacións que poden vir doutras culturas, doutros ámbitos culturais, xa que como sabemos, a cultura é unha realidade viva, dinámica e, por isto, aberta ás innovacións; o que sí queremos significar é que sería nefasto prescindir ou postergar a propia cultura e ceder o seu posto a outros modelos extraños, oficiais ou impostos, sexa polas institucións administrativas centrais, autónomas ou locais, sexa por outras clases sociais, máis ou menos minoritarias, pero detentadoras dos medios e recursos suficientes para impoñer os seus modelos culturais en detrimento dos propios da comunidade ou grupo que participa na acción sociocultural.

A animación sociocultural debe centrarse nas necesidades, intereses e realidades cotidianas, nos modos de vida habituais, de maneira que as persoas vaian conseguindo progresivamente a promoción e unha maior perfección humana dentro das súas actividades de todos os días. A animación sociocultural é imprescindible para que haxa auténtica vida asociativa, para que se leve a cabo unha verdadeira transformación social, para que se modifiquen actitudes, pasividades, para despertar compromisos, tanto persoais como comunitarios.

A acción sociocultural enmárcase dentro dun amplo proceso de búsqueda de autenticidade humana, de liberdade, de tolerancia, de humanismo, de igualdade social, de defensa dos dereitos humanos, xa que o que se pretende é que os homes e as colectividadeas se realicen como persoas, partindo das súas circunstancias concretas, das súas aptitudes e das súas aspiracións máis íntimas, de xeito que cada participante sexa un animador sociocultural dentro da actividade e o ambiente no que se move.

A animación sociocultural busca que os homes sintan a necesidade de progresar, de cambiar, de elevarse, estimulados polos seus desexos e ancellos de liberdade, que ao mesmo tempo que os fai libres, tamén os fará responsábeis e conscientes do seu, do que deben adquirir e do que deben ser nas súas propias sociedades e ámbitos vitais.

ANIMACION SOCIOCULTURAL E EDUCACION

A animación sociocultural circunscríbese no ámbito da educación informal e da educación non institucionalizada. Surxe, en opinión do profesor Ander-Egg, na década dos sesenta como acción educativa parasistemática, isto é, realizada fóra do sistema educativo formal (4).

Ten dabondo que ver coa educación popular, aínda que, por suposto, non se identifican. “La educación popular y la animación socio-cultural se asemejan, a su vez, porque ambas tienen un carácter más global, ya que desean sa-

tisfacer tanto las necesidades intelectuales del saber como las exigencias de evasión y fruición, pero las separa una nota que sólo conviene a la animación, de la que carece la educación popular. Es la relacionada con el aspecto facilitador, fomentador, catalizador, en cuya virtud se adensa la red social de relaciones, comunicaciones, concienciación, comprensión e integración, característica primordial de la animación socio-cultural, tan primordial que, a nuestro juicio, es una nota definitoria, pues hasta su concepción de la cultura y de la acción cultural se subordina y, en cierto modo, es consecuencia y efecto, de sus logros en el empeño de reparar las desgarraduras que la “sociedad de masas” y el materialismo que segrega la “sociedad de consumo” han originado en el tejido social (5).

As persoas participantes, o grupo ou o pobo, non se consideran como axentes pasivos, senón como axentes plenamente activos nese proceso de transformación social e cultural.

O sistema educativo “oficial”, a educación formal, imparten unha “educación” determinada, formalizada, cunha ideoloxía e uns valores moi concretos, de acordo co sector social que nese momento detenta o poder; xa que logo, a educación oficial ofrece unha serie de coñecimentos, contidos e valores que moitas veces non teñen nada que ver coa vida diaria das persoas, nen coa realidade na que se vive e que é preciso transformar; ese sistema educativo está, con demasiada frecuencia, ao marxe das necesidades materiais, intelectuais e espirituais das persoas e da sociedade.

A animación sociocultural actúa ao marxe do mundo oficial e preocúpase por fomentar unha educación informal, ofrecendo ás persoas e colectivos uns valores culturais que se consideran importantes, necesarios e utís, prescindindo un tanto de si son ou non oficial e formalmente adecuados.

Esta forma de educación popular representa unha alternativa ás diversas concepcións educativas que non se interesan por explicar e comprender a realidade existencial e vivencial das persoas. Trátase dunha opción diferente, cunha metodoloxía eminentemente espontánea, non directiva, non circunscrita a unha idade determinada das persoas e que non ten plantexamentos académicos. A súa preocupación central non consiste en saber qué é o que se debe impartir e transmitir, senón cal é a situación, a realidade existencial, grupal e individual, que é preciso clarear e transformar. Baséase na psicoloxía do pobo, nas súas circunstancias, nas súas necesidades, nas súas arelas de cambio. Este tipo de educación, como é obvio, terá que realizarse de moi diferentes maneiras, tendo en conta que as características dos participantes e os seus xeitos de vida poden ser tamén moi diversos. Por isto, de primeiras, non debe haber programas en senso estrito, senón que as actividades e os contidos, na maioría dos casos, terá que ir realizándose e reinventándose de acordo coa marcha das actividades a levar a cabo e cos modos de vida, traballo, etc. dos participantes. O grupo é o que actúa coa súa maneira de ser e deste xeito vai creando novas formas de vida, de

comportamento e novos valores socioculturais.

A animación sociocultural, nas súas diferentes actividades e maneiras de participación das xentes, leva consigo, nun senso amplo, como educación popular que de algún xeito é, unha acción educativa fundamental e non só para adultos, posto que a acción sociocultural pode abranxer tanto ás novas como ás velhas xeracións, aínda que, evidentemente, o cogollo da animación se sitúa na vida adulta, dado que son os adultos os máis marxinados no ámbito social e cultural. Tamén é preciso ter en conta, que esta acción está dirixida a grupos, colectivos ou comunidades moi heteroxéneos, desde o punto de vista dos estratos sociais, aínda que evidentemente, canto máis baixos sexan estes estratos sociais, máis necesitados estarán da animación sociocultural por razóns obvias.

Nesta acción educativa popular participase activa e comunitariamente cun modelo de “actividade aberta” no que os participantes se senten libres de participar en todo momento no proceso de aprendizaxe; insinte, por encima de todo, na comunicación recíproca entre os participantes, sen marcar límites nen na actividade, nen na análise dos resultados obtidos, tanto individualmente como colectivamente. O animador sociocultural, persoa fundamental dentro do proceso da animación social e cultural, fomenta a participación total do grupo nas tarefas a realizar, sen facer imposicións, xa que é un participante máis que “anima”, axuda, coordina e orienta. A súa función, polo tanto, ten moito de “socrática” no senso de que aínda que ten que estar preparado para o seu cometido e, xa que logo, en determinadas circunstancias deberá transmitir coñecimentos e saberes, non obstante, terá que suscitar e descubrir cuestións e problemas, darlle canle aos diversos procesos e ser un catalizador desa “interacción educativa e popular”. Débese intentar o logro dun ambiente social e emocional agradábel e distendido que dé un tono especial a todos os aspectos do comportamento no proceso da aprendizaxe. Este é un método que permite fluir libremente as ideas, opinións, a discusión, a formación e a información; as pautas de comunicación establécense entre o animador e os participantes, os participantes cos participantes, e os participantes co animador. Dáse unha triple participación entre o animador e os membros participantes entre sí. Foméntase o diálogo, a crítica e a autocrítica, a reflexión e a discusión; prescínlese de toda orientación e regulamentación previa; nunha palabra, foméntase a participación viva e activa. Os protagonistas son os mesmos individuos e grupos, mentres que os animadores, máis que líderes e directores, séntense en realidade, compañeiros que canlean, suxiren e opinan sobre o que se fai. Digamos que se dá unha “aprendizaxe” por impregnación e contacto entre os participantes; un contacto multidimensional, non academicista e, por suposto, sen xerarquía académica.

Esta acción está vertebrada por unha metodoloxía e unha pedagogía eminentemente popular, activa e participativa, posto que é o grupo ou a colectividade a que actúa, a que se autoforma, a que fai progresar a súa propia cultura e os seus enxebres xeitos de vida e de comportamento, tendo en conta as súas aspiracións e a súa idiosincrasia. Aínda máis, non se pode desligar da vida

das persoas que participan, das súas circunstancias concretas, económicas, políticas, sociais, educativas, comunitarias, etc., para a partir desa situación, elaborar, reelaborar, crear, cambiar, modificar, etc. os bens culturais, tanto os propios como aqueles outros que, sendo patrimonio doutros grupos ou clases sociais, son merecedores de ser compartidos e integrados nos comportamentos culturais de todas as persoas, E, sen dúbida, unha metodoloxía provocadora de cambios e transformacións sociais.

E unha forma de coeducación na que os participantes deben comprender e asimilar, dun xeito persoal e grupal, o mundo sociocultural que os envolve, coa finalidade de integrarse nel, de coñecelo mellor, de beneficiarse dos seus bens e de, por suposto, transformalo, para conseguir un mundo e unha vida mellores.

FACTORES E ACTIVIDADES

Na animación sociocultural é preciso ter en conta unha serie de elementos e factores, como poden ser: os diferentes grupos sociais que poden participar, isto é, un grupo pequeno, unha poboación máis ou menos ampla, un barrio, unha bisbarra, unha aldea, a xuventude, un grupo de escolares, a terceira idade, ou calquer outro sector social, tal como un grupo de parados, as amas de casa, ou certas afinidades e relacións entre as persoas, como poden ser, ideolóxicas, culturais, relixiosas, deportivo-recreativas, artísticas, artesanais, etc.

Todo isto implica que a metodoloxía a utilizar, aínda que non é este o lugar adecuado para falar desta cuestión, pode e debe ser moi variada, segundo os casos. Tamén serán moi diversos, tendo en conta o espacio e o tempo, os recursos humanos, os medios técnicos e económicos, e as actividades a levar a cabo.

Entre os lugares nos que se pode realizar algún tipo de animación sociocultural, podemos mencionar os seguintes: Ateneos populares, centros culturais, locais de asociacións de veciños, centros educativos, empresas, centros sanitarios, centros da administración central, autónoma ou local; lugares destinados ao ocio e ao tempo libre, casas da cultura, bibliotecas, audiotecas, ludotecas, aulas da terceira idade, unha rúa ou praza pública, un barrio, unha aldea, unha parroquia, as universidades populares, casas da xuventude, aulas da cultura, casinos, etc.

En canto ás actividades que se poden levar a cabo, podemos mencionar, entre outras, as que seguen: concursos de todo tipo e para todas as idades e modalidades; festividades, recitais e concertos; conferencias, charlas, mesas redondas, debates e cursos sobre as máis variadas actividades; exposicións de toda índole; programas de Navidades, de Reis, entroido, festas de verán, patronais, de barrios, festas populares e diversos aspectos lúdicos da vida; cursos de fotografía, de traballos de madeira, de construción de xoguetes, de técnicas de impresión, de mimo e iniciación ao paiaso, danza, títeres e marionetas, guiñol, escultura, talleres de pintura, grabado, cerámica, cestería, vidro, esmalte, debu-

xo e pintura, barro, xeso, artesanía; actividades de tipo artístico, deportivas, musicais, expresión corporal, dramática e plástica; teatro; animación á lectura e á escrita; formación nos diferentes aspectos, como hixiene, puericultura, alimentación, gastronomía, melloras nas actividades propias (mundo agrícola, gandeiro, mariñeiro, artesanal, etc.); adquisición de lectura e escrita; formación e fomento de asociacionismo e cooperativas, de folklore, tradicións, costumes e romerías; viaxes culturais; escolas populares, universidades populares, universidades de verán, programas educativos múltiples; revistas e xornais; cine-clubs, video-clubs, etc.

Moitas destas actividades e outras que non se mencionan, aínda que podan parecer vanais, non obstante, dentro do contexto da animación socio-cultural, teñen a súa importancia, xa que, ao menos, poden ser motivo para que a xente, algúns sectores sociais, saian das súas pautas habituais e da súa monotonía de todos os días, saian da súa casa, abandonen a televisión, especialmente aquelas persoas que debido as súas actividades (amas de casa, vellos, parados, etc.) teñen unha participación nula ou escasa nos bens culturais.

Ramón Sánchez Rodríguez

1. PETER L. BERGER, *Para una teoría sociológica de la religión*, Ed. Kairós, Barcelona, 1971, p. 19.
2. EZEQUIEL ANDER-EGG, *Metodología y práctica de la animación socio-cultural*, Ed. Marsiega, Madrid, 1981, p. 31.
3. JOSE M^a BARRADO GARCIA, "La animación sociocultural, un esfuerzo de aclaración", en *Documentación social*, núm. 49, octubre-diciembre, 1982, p. 19.
4. EZEQUIEL ANDER-EGG, Op. cit. p. 23.
5. ADOLFO MAILLO, *Un método de cambio social. La animación socio-cultural*, Ed. Marsiega, Madrid, 1979, p. 150.